



**Asgate**



**Tesgalicia**

"**TESGALICIA**" e "**ASGATE**", as dúas Asociacións de Técnicos en Emerxencias Sanitarias ("TES") e Xestores de Emerxencias ("XES") presentes en Galicia, por medio da presente, queren expoñer as seguintes propostas, inxerencias e problemáticas con respecto ao traballo e servizos que realizan os TES e os XES nesta Comunidade.

**1.- Recoñecemento da profesión e das competencias profesionais** dos TES, así como dos XES da Central de Coordinación do 061: neste punto hai que resaltar que o Título de TES ven acompañado dunha formación oficial de 2.000 horas na cal adquirense unha serie de coñecementos e técnicas que despois no traballo do día a día non se poden facer, xa que dende a "Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061" (FPUS 061), se nos poñen trabas a cotío para desenvolve-las. Queremos que se recoñeza a nosa titulación de TES así como as competencias profesionais que veñen implícitas nesa titulación. Do mesmo xeito pedimos para os XES que se lles recoñeza na súa labor. Sería tamén moi axeitado que para xestionar as emerxencias, os propios profesionais fosen tamén TES.

**2.- Rexistro de Profesionais:** tanto dos TES como dos XES. Constaría dun número identificativo e persoal para cada profesional, que serviría de identificación ante calquera eventualidade. Tamén así o poderían aproveitar as empresas concesionarias para identificar ós profesionais e non ter que portar, como ata agora, os seus datos persoais (nome, apelidos e foto).

**3.- Inclusión dos TES na Comisión de Transportes da FPUS 061:** na que se deciden, entre outros temas, as características técnicas dos vehículos asistenciais así como o seu equipamento. Creemos que esta é unha reivindicación que tería que estar resolta fai tempo, xa que as/os que máis saben deste tema son os propios profesionais que traballan con ese material. Tamén hai que destacar que como mínimo o 80% dos transportes sanitarios en Galicia fanse unicamente por TES. Por iso creemos que somos os mellores informadores sobre as características que deben ter os vehículos asistenciais, así como do seu material.

**4.- Recursos insuficientes:** neste 2016, no transporte urxente do 061, vense a facer máis de 900.000 servizos en toda Galicia, na cal hai zonas sanitarias nas que eses recursos son a todas luces insuficientes: unidades sobrecargadas; tempos de espera en emerxencias preocupantes (máis de 20 minutos dende a alerta, por non haber unidade que poida facer ese servizo); tempos de resposta altísimos (casos por encima dos 50 minutos polo lonxe do domicilio ou lugar, etc).



## Tesgalicia



## Asgate

En Galicia existen 104 ambulancias Asistenciais (Soporte Vital Básico), e 11 UVIs (Medicalizadas) que para o noso entender son totalmente insuficientes para cubrir unha demanda que, ano a ano, incrementase considerablemente. Polo tanto creemos que, para empezar, deberíanse ter en conta estas propostas:

- a). Novas UVIs necesarias: Salnés (Vilagarcía), Valdeorras (O Barco), Costa da Morte (Cee), Verín, Carballo e Monforte de Lemos.
- b). Novas Asistenciais necesarias: Pontevedra (12 horas), Santiago (12 horas), Ourense (24 horas), Carballiño ou Ribadavia (12 horas), Porto do Son (24 horas), Laxe (12 horas).

Estas son propostas aproximadas, xa que os datos reais solo os coñecen na FPUS 061, datos aos que non temos acceso ...

A **Organización Mundial da Saúde**, xa presentou hai moito tempo un informe no que destaca que o axeitado é dispoñer dunha ambulancia de urxencias por cada 25.000 habitantes. E que o tempo máximo de resposta no exceda de 10 minutos. tamén que se dispoña dunha UVI por cada 120.000 habitantes.

As escasas unidades actuais, distan moito de aproximarse a estas recomendacións, polo que tamén é imposible chegar a eses tempos de resposta desexados para unha pronta asistencia e de calidade.

Tamén existe unha saturación na Central do teléfono "061", xa que leva varios anos co mesmo persoal contratado (Teleoperadores, Locutores, Médicos e Enfermeiros), a pesar do aumento exponencial imparabile que a poboación fai deste servizo.

**5.- Ambulancias "de apoio para o 061"**: Isto naceu como un remendo pola insuficiencia de recursos mencionado no punto nº 4, pero incluso empeorando o servizo. Nestas ambulancias vai unicamente un TES condutor. Isto faise así nas empresas coa conivencia do 061, o que non fai máis que repercutir negativamente na calidade do servizo, xa que para baixar a un paciente dun domicilio, inmovilizar un accidentado, prestar asistencia camiño do centro sanitario, etc é case imposible facelo cunha calidade e cunha seguridade demostrable. Pedimos que se retiren e que no seu lugar se poñan dotacións completas con ambulancias oficiais, ou sexa, que se poña un recurso 100% do 061 con dous TES e todo o material necesario.



**Asgate**



**Tesgalicia**

6.- **Creación dunha norma/lei que regule os Desfibriladores Semi-Automáticos (DESA), os Dispositivos de Risco Previsible (DRP) e os Plans de Emerxencias Municipais (PEMU):** Non temos ningunha norma escrita que regule os DESA en Galicia. Existe un Decreto do ano 2005 polo cal os TES poden usalo pero non hai nada que regule onde teñen que estar colocados nin quen os pode manexar. Creemos que é necesaria xa que a día de hoxe hai un baleiro nese senso. Tamén creemos que é necesaria unha norma/lei que regule os DRP xa que en Galicia non existe. Ao longo do ano, hai miles de eventos que son susceptibles de risco: concertos, partidos de fútbol; toda clase de eventos/competicións deportivas, festas, etc. nos cales hai unha afluencia de público considerable e nos que, en moitos, non hai DRP, co que iso pode supoñer e que nos fai botar a vista atrás dalgunhas desgrazas que xa aconteceron. Por iso pedimos que se faga unha Norma Legal que regule todo isto, xa que sería seguridade para esas persoas. Tamén temos que dicir que os PEMU en moitos concellos galegos están obsoletos, sen actualizar, ou son un simple "corta e pega" doutros. Por todo isto, e porque tamén os TES teñen competencia na súa elaboración, debería terse en conta a nosa figura e facer unha norma que regule unha caducidade deses plans así como a súa elaboración.

**Dende ASGATE e TEGALICIA agradecemos de antemán a súa disposición a analizar as propostas citadas e a tratalas convenientemente no seu ámbito de actuación.**

**Se o consideran conveniente, estaríamos interesados en aproveitar esta primeira comunicación como punto de partida para establecer contacto periodicamente e poder analizar os cambios, melloras ou novidades que se chegasen a producir.**

Atentamente:

As Xuntas Directivas de "TESGALICIA" e "ASGATE".

Xaneiro de 2017

**Contactos:**

**TESGALICIA: "Asociación de Técnicos en Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia"**

correo@tesgalicia.info

**ASGATE: "Asociación Galega de Técnicos en Emerxencias Sanitarias"**

asociacion.gallega.tes@gmail.com